

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

DECRETO 139/2022, do 21 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2023.

O artigo 37.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, determinan o calendario de festas laborais de ámbito estatal, de carácter retribuído e non recuperable. Respecto dalgunhas destas festas de ámbito estatal, as comunidades autónomas teñen facultades de opción e tamén as poderán substituír, cando haxa festas estatais que coincidan con domingo, incorporando outras da comunidade autónoma que lles sexan tradicionais.

Conforme o referido anteriormente e facendo uso das facultades de opción e substitución, óptase polo 25 de xullo, festa de Santiago Apóstolo, como Día Nacional de Galicia. E por coincidir en domingo o día 1 de xaneiro, Aninovo, substitúese polo día 17 de maio, Día das Letras Galegas.

Segundo o establecido na Constitución española e no artigo 29.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia, na súa virtude e facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, por proposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e un de xullo de dous mil vinte e dous,

DISPOÑO:**Artigo 1. Festas laborais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**

De non se producir modificacións no calendario laboral de carácter estatal, as festas laborais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 serán as seguintes:

6 de xaneiro	Epifanía do Señor (Día de Reis)
6 de abril	Xoves Santo



7 de abril	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas
25 de xullo	Día Nacional de Galicia
15 de agosto	Asunción da Virxe
12 de outubro	Festa Nacional de España
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución Española
8 de decembro	Inmaculada Concepción
25 de decembro	Natividade do Señor

As festas mencionadas terán carácter obrigatorio e non recuperable.

Artigo 2. *Festas locais*

Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da Comunidade Autónoma será determinada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3. *Cómputo de prazos*

De acordo co que dispón o artigo 30.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as festas laborais sinaladas no artigo 1 terán o carácter de días inhábiles para os efectos do cómputo de prazos.

Disposición derradeira primeira. *Comunicación ao Ministerio de Traballo e Economía Social*

Do disposto no presente decreto darase traslado ao Ministerio de Traballo e Economía Social antes do 30 de setembro de 2022.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto producirá efectos desde o día 1 de xaneiro do ano 2023.

Santiago de Compostela, vinte e un de xullo de dous mil vinte e dous

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

CVE-DOG: kjqudib3-1oh8-vpn3-of9-xkpj4sairzk6



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

RESOLUCIÓN do 24 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2023 correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 37.2 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, así como no artigo 1 do Decreto 139/2022, do 21 de xullo, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2023 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 149, do 5 de agosto de 2022), segundo o procedemento establecido e en virtude das resolucións dítadas para o efecto, as xefaturas territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade elaboraron o calendario laboral provincial en que se determinan as festas laborais de carácter local correspondentes aos concellos da respectiva provincia –A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra–.

De conformidade co establecido no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 2 do Decreto 103/2015, do 15 de xullo, e ante a conveniencia de que se coñezan as festividades de ámbito local desta comunidade autónoma sen ter que consultar diferentes boletíns oficiais, é preciso que se lles dea publicidade nun único diario oficial.

En virtude do anterior, a Dirección Xeral de Relacións Laborais acorda o seguinte:

Primeiro. Dar publicidade das festas de carácter local, inhábiles para os efectos laborais, retribuídas e non recuperables, para o ano 2023, que serán para os concellos pertencentes ás provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e que figuran, respectivamente, nos anexos I, II, III e IV.

Segundo. Lembrar que, en virtude do establecido no artigo 34.6 do Estatuto dos traballadores, as empresas deberán ter exposto o calendario laboral nun lugar visible de cada centro de traballo, para coñecemento e consulta dos seus traballadores e traballadoras. O incumprimento do anterior constitúe infracción en materia laboral tipificada no artigo 6 do

CVE-DOG: hncij8j8-fb15-ftw1-d5y3-6quf3fvkqme7



Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2022

Elena Mancha Montero de Espinosa
Directora xeral de Relacións Laborais

ANEXO I
Calendario laboral 2023

Provincia: A Coruña.

1. Abegondo: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 25 de abril, festa de San Marcos.
2. Ames: 10 de abril, Luns de Pascua, 18 de maio, festa da Ascensión.
3. Aranga: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 3 de maio, festa da Santa Cruz.
4. Ares: 22 de febreiro, Mércores de Cinza, 30 de maio, Voto de Chanteiro.
5. Arteixo: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 26 de xullo, festas de Santiago Apóstolo.
6. Arzúa: 10 de abril, Luns de Pascua, 17 de xullo, festa local de Arzúa.
7. Baña (A): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de setembro, Virxe do Bo Suceso.
8. Bergondo: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, festa local de Bergondo.
9. Betanzos: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, festa de San Roque.
10. Boimorto: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 4 de setembro, festas do Rosario.
11. Boiro: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 31 de agosto, festividade de San Ramón.
12. Boqueixón: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 18 de maio, Día da Ascensión.
13. Brión: 18 de maio, Día da Ascensión, 27 de setembro, festa de Santa Minia.

CVE-DOG: hncij8j8-fb15-ftw1-d5y3-6quf3fvkqme7



14. Cabana de Bergantiños: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 1 de agosto, festa de San Fins.

15. Cabanas: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 30 de novembro, festa de Santo André.

16. Camariñas: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 17 de xullo, festas da Virxe do Carme.

17. Cambre: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, festa local de Cambre.

18. Capela (A): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, festa patronal da Capela.

19. Carballo: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 24 de xuño, festa patronal de San Xoán Bautista.

20. Cariño: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 24 de agosto, festa de San Bartolomeu.

21. Carnota: 10 de abril, festa local de Carnota, 13 de outubro, festa local de Carnota.

22. Carral: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de setembro, festa da Virxe do Socorro.

23. Cedeira: 13 de xuño, festa de Santo Antonio, 26 de xullo, festa de Santa Ana.

24. Cee: 16 de xuño, festa de Santo Adrián, 16 de agosto, festa de San Roque.

25. Cerceda: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 23 de xuño, Día da Cachela de San Xoán.

26. Cerdido: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 3 de xullo, festa local de Cerdido.

27. Coirós: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

28. Corcubión: 25 de abril, festa de San Marcos, 29 de xuño, festa de San Pedro.

29. Coristanco: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 19 de maio, festa de Santo Antonio e Santa Ana.

30. Coruña (A): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 24 de xuño, festa de San Xoán.

31. Culleredo: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 24 de xullo, festa local de Culleredo.



32. Curtis: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de setembro, Día da Virxe dos Remedios.

33. Dodro: 10 de abril, Luns de Pascua, 11 de setembro, festas de Laíño (Virxe do Leite e do Bo Parto).

34. Dumbría: 7 de agosto, festa de San Mamede de Salgueiros, 8 de setembro, festa da Virxe das Neves.

35. Fene: 22 de febreiro, Mércores de Cinza, 7 de agosto, festa de San Salvador.

36. Ferrol: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 10 de abril, Luns de Pascua/Nosa Señora do Chamorro.

37. Fisterra: 10 de abril, Luns de Pascua, 8 de setembro, festa local de Fisterra.

38. Frades: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 29 de setembro, festa de San Miguel.

39. Irixoa: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 10 de agosto, San Lourenzo.

40. Laracha (A): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de setembro, festa da Virxe dos Milagres de Caión.

41. Laxe: 16 de agosto, Día de San Roque, 17 de agosto, Día do Carme.

42. Lousame: 25 de abril, festa de San Marcos, 10 de agosto, festa de San Lourenzo.

43. Malpica: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 25 de agosto, festa do Mar.

44. Mañón: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 11 de setembro, festa da Patroa.

45. Mazaricos: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 7 de decembro, festa local de Mazaricos.

46. Melide: 10 de abril, Luns de Pascua, 29 de xuño, Día de San Pedro.

47. Mesía: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 15 de maio, festa de San Cidre.

48. Miño: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 29 de xuño, Día de San Pedro.



49. Moeche: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 14 de agosto, festa local de Moeche.
50. Monfero: 20 de febreiro, Luns de Entroido, 21 de febreiro, Martes de Entroido.
51. Mugardos: 7 de xaneiro, festa local de Mugardos, 30 de maio, Voto de Chanteiro.
52. Muros: 24 de xuño, festa de San Xoán, 29 de xuño, festa de San Pedro.
53. Muxía: 10 de abril, Luns de Pascua, 11 de setembro, Luns da Barca.
54. Narón: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 23 de novembro, Día de Narón.
55. Neda: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de setembro, festa local de Neda.
56. Negreira: 7 de xullo, festa de San Cristovo, 18 de setembro, festa de Santa Margarita.
57. Noia: 24 de abril, festa de San Marcos, 24 de agosto, festa de San Bartolomeu.
58. Oleiros: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 10 de abril, Luns de Pascua.
59. Ordes: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, festa local de Ordes.
60. Oroso: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, festa de San Roque.
61. Ortigueira: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 29 de xullo, Día de Santa Marta.
62. Outes: 22 de febreiro, Mércores de Cinza, 29 de setembro, festividade de San Campio.
63. Oza-Cesuras: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 15 de maio, Día de San Isidro.
64. Paderne: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, festa local de Paderne.
65. Padrón: 10 de abril, Luns de Pascua, 6 de maio, festa de San Xoán do Raio.
66. Pino (O): 29 de xuño, festa de San Pedro, 18 de maio, festa da Ascensión do Señor.
67. Pobra do Caramiñal (A): 21 de agosto, O Carme dos Pincheiros, 18 de setembro, O Luns do Nazareno.



68. Ponteceso: 17 de xullo, festa do Carme, 11 de setembro, Luns da Barquiña.
69. Pontedeume: 8 de setembro, festa das Peras, 29 de setembro, festa de San Miguel de Bremao.
70. As Pontes: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 17 de xullo, festa do Carme.
71. Porto do Son: 20 de febreiro, Luns de Entroido, 8 de setembro, festa local de Porto do Son.
72. Rianxo: 14 de xullo, festa do Carme, 15 de setembro, Venres de Guadalupe.
73. Ribeira: 24 de xullo, festividade da Dorna, 12 de setembro, Santa Uxía de Ribeira.
74. Rois: 10 de abril, Luns de Pascua, 15 de maio, festa de San Isidro Labrador.
75. Sada: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, festa de San Roque.
76. San Sadurniño: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 3 de xullo, festa local de San Sadurniño.
77. Santa Comba: 29 de xuño, festa de San Pedro, 30 de xuño, festa de Santo Antonio.
78. Santiago de Compostela: 18 de maio, Día da Ascensión, 16 de agosto, Día de San Roque.
79. Santiso: 13 de xuño, festa de Santo Antonio, 15 de setembro, festa da Virxe das Dores.
80. Sobrado: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 29 de xuño, festa de San Pedro.
81. Somozas (As): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 24 de xullo, festa local.
82. Teo: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 18 de maio, Día da Ascensión.
83. Toques: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 15 de maio, festa de San Cidre.
84. Tordoia: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 15 de maio, festa de San Isidro Labrador.
85. Touro: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 10 de abril, Luns de Pascua.



86. Trazo: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 21 de setembro, San Mateo.
87. Val do Dubra: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 4 de agosto, festa do Emigrante.
88. Valdoviño: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 17 de agosto, Día de San Mamede.
89. Vedra: 18 de maio, festa da Ascensión, 18 de setembro, festividade do Patio.
90. Vilarmaior: 20 de febreiro, Luns de Entroido, 21 de febreiro, Martes de Entroido.
91. Vilasantar: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 24 de xullo, festa de Santa Cristina.
92. Vimianzo: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 14 de agosto, festas do Verán.
93. Zas: 10 de xullo, festa local de San Cristovo, 26 de xullo, festa de Santa Margarita.

ANEXO II**Calendario laboral 2023**

Provincia: Lugo.

1. Abadín: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 27 de setembro, San Cosme da Montaña.
2. Alfoz: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 31 de xullo, festa dos Chóferes.
3. Antas de Ulla: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de setembro, Virxe dos Remedios.
4. Baleira: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 11 de agosto, San Cristovo.
5. Baralla: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 28 de agosto, San Vitorio.
6. Barreiros: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 24 de agosto, San Bartolo.
7. Becerreá: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 14 de setembro, Santo Ecce Homo.
8. Begonte: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 30 de xuño, festividade de San Pedro.
9. Bóveda: 1 de setembro, festividade de San Xil, 15 de setembro, Divino Ecce-Homo.
10. Burela: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 5 de xuño, luns das festas patronais.



11. Carballedo: 24 de xullo, festivo local, 14 de agosto, festivo local.
12. Castro de Rei: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 7 de agosto, luns seguinte a San Roque e Doce Nome de María.
13. Castroverde: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 26 de xullo, Santiago Apóstolo.
14. Cervantes: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 13 de outubro, festivo local.
15. Cervo: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, San Roque.
16. Chantada: 29 de agosto, festa da empanada, 8 de setembro, Nosa Señora do Faro.
17. Corgo (O): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 5 de outubro, San Froilán.
18. Cospeito: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de setembro, Nosa Señora Virxe do Monte.
19. Folgoso do Courel: 18 de agosto, festas patronais de Folgoso, 7 de decembro, Ponte da Constitución.
20. Fonsagrada (A): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 11 de setembro, festas patronais da Fonsagrada.
21. Foz: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 10 de agosto, San Lourenzo.
22. Friol: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 10 de xullo, Luns de Santa Isabel.
23. Guitiriz: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 24 de xuño, San Xoán.
24. Guntín de Pallares: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 3 de xullo, Luns das Festas de Guntín.
25. Incio (O): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 15 de maio, San Eufrasio.
26. Láncara: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 21 de agosto, Luns de San Roque.
27. Lourenzá: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 28 de agosto, Luns do Conde Santo.
28. Lugo: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 5 de outubro, San Froilán.



29. Meira: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, San Roque.
30. Mondoñedo: 11 de setembro, Luns dos Remedios, 18 de outubro, As San Lucas.
31. Monforte de Lemos: 11 de abril, Martes de Pascua, 13 de xuño, Santo Antón.
32. Monterroso: 10 de xullo, San Cristovo, 29 de setembro, San Miguel.
33. Muras: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 3 de xullo, San Pedro de Muras.
34. Navia de Suarna: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 18 de setembro, Virxe das Dores.
35. Negueira de Muñiz: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, festividade da Virxe de Veiga.
36. Nogais (As): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 4 de agosto, festa do Emigrante.
37. Oulol: 12 de maio, Nosa Señora de Fátima, 28 de agosto, Luns de Naseiro.
38. Outeiro de Rei: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 3 de xullo, Luns de Santa Isabel.
39. Palas de Rei: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 14 de setembro, Ecce-Homo.
40. Pantón: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 21 de agosto, festas locais.
41. Paradela: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 29 de setembro, San Miguel.
42. Páramo (O): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 9 de xuño, festas de Primavera.
43. Pastoriza (A): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 18 de outubro, San Lucas.
44. Pedrafita do Cebreiro: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 13 de xuño, Santo Antón.
45. Pobra de Brollón (A): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 12 de xuño, día seguinte ao Corpus Christi.
46. Pol: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 24 de agosto, festa do Emigrante.
47. Pontenova (A): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 9 de outubro, Luns das Feiras.



48. Portomarín: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 5 de setembro, Santo Cristo das Victorias.

49. Quiroga: 20 de febreiro, Luns de Entroido, 10 de abril, Luns de Pascua.

50. Rábade: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 14 de agosto, Nosa Señora da Asunción.

51. Ribadeo: 16 de agosto, San Roque co-patrón da vila, 8 de setembro, Santa María do Campo.

52. Ribas de Sil: 16 de agosto, San Roque, 30 de outubro, festas de San Claudio.

53. Ribeira de Piquín: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 24 de abril, festividade de San Xurxo.

54. Riotorto: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 29 de xuño, San Pedro.

55. Samos: 9 de xaneiro, San Xulián e Santa Basilisa, 10 de xullo, festa de San Benito.

56. Sarria: 24 de xuño, festivo local, 8 de setembro, festivo local.

57. Saviñao (O): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de agosto, festas locais de Escairón.

58. Sober: 8 de setembro, Romaría Virxe de Cadeiras, 18 de setembro, festas patronais.

59. Taboada: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 14 de agosto, festas da vila.

60. Trabada: 25 de abril, San Marcos, 16 de agosto, San Roque.

61. Triacastela: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 17 de agosto, San Mamede.

62. Valadouro (O): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de setembro, festa do Oito.

63. Vicedo (O): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 7 de agosto, Santo Estevo.

64. Vilalba: 31 de agosto, San Ramón, 1 de setembro, Santa María.

65. Viveiro: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, San Roque.



66. Xermade: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 7 de agosto, Luns de Santa María.

67. Xove: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 21 de agosto, festas patronais.

ANEXO III

Calendario laboral 2023

Provincia: Ourense.

1. Allariz: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 9 de xuño, Venres do Boi.

2. Amoeiro: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.

3. Arnoia (A): 22 de maio, Santa Rita, 4 de agosto, festa do Pemento.

4. Avión: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 7 de agosto, Luns de San Roque.

5. Baltar: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 18 de maio, festa da Ascensión.

6. Bande: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 21 de agosto, festas de San Roque.

7. Baños de Molgas: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de setembro, Os Milagres.

8. Barbadás: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.

9. Barco de Valdeorras (O): 22 de maio, Día de Santa Rita, 14 de setembro, Día do Cristo.

10. Beade: 3 de febreiro, San Blas, 16 de agosto, San Roque.

11. Beariz: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, San Roque.

12. Blancos (Os): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 15 de setembro, A Nosa Señora das Dores.

13. Boborás: 13 de xuño, Santo Antonio, 19 de setembro, Virxe da Saleta.

14. Bola (A): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 2 de maio, Santa Cruz en Veiga.

15. Bolo (O): 16 de agosto, 13 de decembro.



16. Calvos de Randín: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 7 de agosto, festas de Calvos.
17. Carballeda de Avia: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 29 de maio, Luns de Lodairo.
18. Carballeda de Valdeorras: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 17 de abril, Nosa Señora da Encarnación.
19. Carballiño (O): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 18 de setembro, día seguinte ao patrón San Cibrao.
20. Cartelle: 21 de marzo, San Bieito, 22 de agosto, Virxe do Mundil.
21. Castrelo de Miño: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 4 de agosto, Virxe das Neves.
22. Castrelo do Val: 17 de xaneiro, Santo Antón, 22 de febreiro, Mércores de Cinza.
23. Castro Caldelas: 20 de xaneiro, festa dos Fachós, 8 de setembro, festa dos Remedios.
24. Celanova: 1 de marzo, San Rosendo, 16 de agosto, San Roque.
25. Cenlle: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 10 de abril, Virxe das Areas.
26. Chandrexa de Queixa: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 4 de setembro, luns posterior á festa do Cordeiro.
27. Coles: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
28. Cortegada: 11 de xullo, San Bieito, 26 de xullo, Santa Ana.
29. Cualedro: 22 de febreiro, Mércores de Cinza, 13 de xuño, Santo Antonio.
30. Entrimo: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 2 de agosto.
31. Esgos: 2 de febreiro, As Candelas (patroa), 21 de febreiro, Martes de Entroido.
32. Gomesende: 14 de agosto, 13 de outubro.
33. Gudiña (A): 24 de febreiro, 24 de agosto.



34. Irixo (O): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, San Roque.
35. Larouco: 8 de setembro, Santa María dos Remedios, 13 de decembro, Santa Lucía.
36. Laza: 22 de febreiro, Mércores de Cinza, 3 de maio, Día do Santo Cristo.
37. Leiro: 3 de maio, Santa Cruz, 29 de xuño, San Pedro.
38. Lobeira: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de setembro, O Viso Pequeno.
39. Lobios: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 11 de agosto, festa do Verán.
40. Maceda: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de agosto, festas patronais de Maceda.
41. Manzaneda: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 7 de agosto, Virxe das Neves.
42. Maside: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 28 de agosto, festa do San Vitorio.
43. Melón: 3 de maio, Santa Cruz, 13 de xuño, Santo Antonio.
44. Merca (A): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 5 de xuño, Espírito Santo.
45. Mezquita (A): 4 de agosto, Virxe das Neves, 10 de novembro, San Martiño.
46. Montederramo: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, San Roque.
47. Monterrei: 26 de xullo, 16 de agosto.
48. Muíños: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 30 de xuño, San Pedro.
49. Nogueira de Ramuín: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de agosto, San Roque.
50. Oímbra: 22 de febreiro, Mércores de Cinza, 26 de xullo, Santa Ana.
51. Ourense: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
52. Paderne de Allariz: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 10 de novembro, San Martiño.
53. Padrenda: 23 de xuño, San Xoán, 29 de setembro, San Miguel de Desteriz.



54. Parada de Sil: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 31 de agosto.
55. Pereiro de Aguiar (O): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
56. Peroxa (A): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 13 de novembro, San Martiño.
57. Petín: 17 de xaneiro, Santo Antón, 26 de xullo, Santa Ana.
58. Piñor: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 24 de xullo, en substitución do San Martiño.
59. Pobra de Trives (A): 24 de agosto, 14 de setembro.
60. Pontedeva: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 17 de xullo, luns seguinte ao Día do Carme.
61. Porqueira: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 10 de abril, Luns de Pascua.
62. Punxín: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 17 de abril, San Wintila.
63. Quintela de Leirado: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de setembro, Virxe dos Remedios.
64. Rairiz de Veiga: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 7 de decembro, ponte da Constitución.
65. Ramirás: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 7 de decembro, ponte da Constitución.
66. Ribadavia: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de setembro, Virxe do Portal.
67. Riós: 16 de agosto, San Roque, 15 de setembro, Nosa Señora das Dores.
68. Rúa (A): 7 de agosto, festas do Verán, 21 de agosto, San Roque.
69. Rubiá: 18 de maio, A Ascensión, 24 de agosto, San Bartolomeu.
70. San Amaro: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 15 de maio, San Trocado.
71. San Cibrao das Viñas: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.



72. San Cristovo de Cea: 10 de xullo, San Cristovo, 25 de setembro, festas da Saleta.
73. San Xoán de Río: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 23 de xuño, San Xoán.
74. Sandiás: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 10 de abril, Luns de Pascua.
75. Sarreaus: 20 de febreiro, Luns de Entroido, 11 de setembro, festa de Sarreaus.
76. Taboadela: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 7 de decembro.
77. Teixeira (A): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 14 de agosto.
78. Toén: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
79. Trasmiras: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 10 de abril, Luns de Pascua.
80. Veiga (A): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 8 de setembro.
81. Vereá: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 13 de novembro, San Martiño.
82. Verín: 17 de xaneiro, Santo Antón, 22 de febreiro, Mércores de Cinza.
83. Viana do Bolo: 22 de febreiro, Mércores de Cinza, 16 de agosto, San Roque.
84. Vilamarín: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 13 de novembro, luns seguinte ao San Martiño.
85. Vilamartín de Valdeorras: 24 de abril, San Xurxo, 21 de xullo, Santa María Madalena.
86. Vilar de Barrio: 1 de agosto, 13 de outubro.
87. Vilar de Santos: 10 de abril, Luns de Pascua, 4 de agosto, Virxe das Neves.
88. Vilardevós: 22 de febreiro, Mércores de Cinza, 16 de agosto, festa de San Roque.
89. Vilariño de Conso: 20 de febreiro, Luns de Entroido, 10 de xullo, San Martiño de Verán.
90. Xinzo de Limia: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 18 de xullo, festas de Santa Mariña.



91. Xunqueira de Ambía: 3 de febreiro, San Blas, 16 de agosto, San Roque.

92. Xunqueira de Espadanedo: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 10 de xullo, luns das festas patronais na honra da Santa Isabel.

ANEXO IV

Calendario laboral 2023

Provincia: Pontevedra.

1. Agolada: 29 de xuño, San Pedro e San Pablo, 30 de xuño, San Pedro e San Pablo.

2. Arbo: 11 de xullo, San Bieito, 16 de agosto, San Roque.

3. Baiona: 3 de marzo, festa da Arribada, 26 de setembro, festividade de San Cosme.

4. Barro: 16 de xuño, festa do Viño, 29 de setembro, Romaría de San Breixo.

5. Bueu: 23 de febreiro, Día de Rosalía, 11 de novembro, festividade de San Martiño.

6. Caldas de Reis: 23 de xuño, 16 de agosto, San Roque.

7. Cambados: 11 de xullo, San Bieito, 18 de xullo, Santa Mariña.

8. Campo Lameiro: 13 de xuño, Santo Antonio, 29 de setembro, San Miguel.

9. Cangas: 31 de marzo, Venres das Dores, 28 de agosto, Luns do Cristo.

10. Cañiza (A): 29 de maio, Romaría das Pascuillas, 21 de setembro, Romaría da Virxe da Pena de Francia.

11. Catoira: 10 de xullo, Santo Antonio na parroquia de Catoira, 14 de agosto, Santa Baia na parroquia de Oeste.

12. Cerdedo-Cotobade: 31 de xullo, festividade do Ecce-Homo, 21 de agosto, San Roque.

13. Covelo: 29 de maio, festa das Pascuillas, 13 de outubro.

14. Crecente: 21 de febreiro, 29 de xuño, San Pedro.



15. Cuntis: 11 de xullo, San Bieito, 18 de agosto, Santo Antón.
16. Dozón: 17 de xullo, Luns da Virxe do Carme, 4 de setembro, Luns da Pena de Francia.
17. Estrada (A): 26 de xuño, festas patronais de San Paio, 27 de xuño, festas patronais de San Paio.
18. Forcarei: 28 de agosto, Luns das Dores, 10 de novembro, San Martiño.
19. Fornelos de Montes: 10 de abril, Luns de Pascua, 10 de agosto, festas de San Lourenzo.
20. Gondomar: 11 de xullo, San Bieito, 16 de agosto, San Roque.
21. Grove (O): 17 de xullo, luns seguinte á festividade do Carme, 10 de novembro, venres véspera de San Martiño.
22. Guarda (A): 14 de agosto, 23 de setembro, Santa Trega.
23. Illa de Arousa (A): 7 de xaneiro, festividade de San Xulián, 21 de febreiro, Martes de Entroido.
24. Lalín: 25 de setembro, festas patronais Virxe das Dores, 26 de setembro, festas patronais Virxe das Dores.
25. Lama (A): 27 de xullo, San Xoaquín e Santa Ana, 4 de agosto, festa das Ermidas.
26. Marín: 22 de febreiro, Mércores de Cinza, 8 de setembro, festividade da Virxe do Porto.
27. Meaño: 11 de xullo, San Bieito, 13 de decembro, Santa Lucía.
28. Meis: 10 de abril, Luns de Pascua (Nosa Señora das Cabezas), 11 de xullo, San Bieito.
29. Moaña: 10 de abril, Os Remedios, 11 de novembro, San Martiño.
30. Mondariz: 29 de maio, 16 de agosto, San Roque.



31. Mondariz-Balneario: 29 de maio, festividade da Virxe da Franqueira, 17 de xullo, festividade da Virxe do Carme.

32. Moraña: 19 de xullo, Santa Xusta, 13 de decembro, Santa Lucía.

33. Mos: 13 de xuño, festa da Rosa, 7 de agosto, San Mamede.

34. Neves (As): 29 de xullo, festividade de Santa Marta, 5 de agosto, festividade da Nosa Señora das Neves.

35. Nigrán: 29 de xuño, San Pedro, 1 de agosto, San Fiz.

36. Oia: 29 de maio, festividade da Virxe do Mar, 7 de agosto, festividade de San Mamede.

37. Pazos de Borbén: 10 de abril, Luns de Pascua, 7 de agosto, A Branca Pequena.

38. Poio: 24 de xuño, 17 de agosto.

39. Pontearreas: 12 de xuño, luns seguinte á festividade do Corpus Christi, 29 de setembro, festividade de San Miguel.

40. Ponte Caldelas: 10 de abril, Luns de Pascua, 30 de agosto, mércores da festa das Dores.

41. Pontecesures: 7 de xaneiro, festa de San Xulián, 3 de xullo, festa do Carme.

42. Pontevedra: 22 de febreiro, Mércores de Cinza, 11 de xullo, San Bieito .

43. Porriño (O): 11 de xullo, San Bieito, 25 de setembro, Día do Cristo.

44. Portas: 21 de marzo, San Bieito, 10 de abril, Luns de Pascua.

45. Redondela: 17 de abril, Luns do Cristo, 8 de xuño, Xoves da Coca.

46. Ribadumia: 10 de abril, Luns de Pascua, 2 de xuño, festa do Viño Tinto.

47. Rodeiro: 12 de xuño, Santo Antonio, 8 de setembro, Nosa Señora do Faro.

48. Rosal (O): 21 de febreiro, Martes de Entroido, 29 de setembro, festividade de San Miguel.



49. Salceda de Caselas: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 17 de xullo, Luns do Cristo.
50. Salvaterra de Miño: 12 de xuño, festividade do Santísimo Cristo da Victoria, 10 de agosto, festividade de San Lourenzo.
51. Sanxenxo: 10 de abril, Romaría do Con, 4 de setembro, Santa Rosalía.
52. Silleda: 7 de xullo, festa do Lacón, 21 de agosto, festa da Empanada da Bandeira.
53. Soutomaior: 10 de abril, Luns de Pascua, 7 de agosto, San Salvador.
54. Tomiño: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 11 de setembro, Luns do Alivio.
55. Tui: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 17 de abril, Luns de San Telmo.
56. Valga: 3 de febreiro, San Brais, 24 de xullo, Santa Cristina.
57. Vigo: 28 de marzo, Día da Reconquista, 16 de agosto, San Roque.
58. Vilaboa: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 11 de novembro, San Martiño.
59. Vila de Cruces: 7 de agosto, festividade da Nosa Señora da Piedade, 8 de agosto, festividade da Nosa Señora da Piedade.
60. Vilagarcía de Arousa: 22 de maio, festividade de Santa Rita, 16 de agosto, festividade de San Roque.
61. Vilanova de Arousa: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 16 de setembro, San Cibrao.

